

1.2. demanda interna

Ó longo deste capítulo analízase a evolución da demanda interna a través dos seus principais compoñentes: consumo, tanto público como privado, e investimento, incluído o investimento estranxeiro en sociedades galegas.

A demanda interna da economía galega presentou no ano 2000 unha moderación no seu crecemento, moderación á que contribuíu tanto o consumo privado como o investimento en construción.

A primeira parte céntrase na análise do consumo, que se fai a partir dos datos facilitados polo INE, IGE, AENA, ICEX, o Banco de España, Funcas, o *Anuario Económico de España 2001* de La Caixa e a Xunta de Galicia.

A modo de introducción xeral, os indicadores do consumo privado, ocupación hoteleira, consumo aparente de gasolina e a matriculación

de turismos amosaron unhas taxas de variación interanual negativas. Salienta o comportamento da ocupación hoteleira que, tralo ano xacobeo, presenta unha taxa de variación negativa de 12,5% no ano 2000 en relación ó ano anterior, cando a súa taxa de crecemento foi do 62%.

O crecemento do VEB rexistrado no ano 2000 tradúcese nun aumento do 8,8% da renda familiar (poder de compra) por habitante en Galicia respecto ó ano anterior, acadando un total de 1.699.635 pesetas no ano 2000. Neste ano a renda familiar por habitante en Galicia acada o 90,85% do valor medio de España, o que supón un medre de 0,2 puntos en relación ó ano anterior. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é unha das comunidades con menor índice por habitante da RFBFD: en peor situación están Murcia, Andalucía e Extremadura.

Posteriormente, analízase o investimento, onde, tras considera-los seus principais indica-

CADRO 1.2.1.

Indicadores do consumo privado en Galicia e España 1999-00: taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	1999	2000	1999	2000
Consumo de enerxía eléctrica	3,9	5,9	7,2	7,1
Consumo aparente de gasolina	-2,3	-8,1	-3,1	--
Importacións de bens de consumo	-2,3	55,2	17,8	12,0
Tráfico aéreo de pasaxeiros	10,3	6,8	10,3	9,4
Ocupación hoteleira	62,0	-12,8	29,3	-1,5
Matriculación de turismos	13,9	-5,8	17,5	-2,5

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, AOP, Ministerio de Fomento, ICEX

dores, estúdiase a evolución do investimento estranxeiro (tanto dende o punto de vista da súa distribución por países de orixe como segundo a súa distribución sectorial). Para esta análise úsanse os datos facilitados polo INE, o IGE, Oficemen, Seopan, o Banco de España e a Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores do Ministerio de Economía y Hacienda.

Galicia segue sen ser atractiva para o capital estranxeiro, dado que o peso relativo do investimento estranxeiro directo en empresas galegas non cotizadas no total estatal no ano 2000 foi do 0,1%. En termos absolutos, presentou un descenso do 68,5% en relación ó ano 1999, acadando un valor de 5.917,7 millóns de pesetas.

O investimento estranxeiro procede fundamentalmente da UE, que acolle o 59,9% do total do investimento directo estranxeiro, en tanto que o sector primario é o receptor principal deste investimento con 2.166,3 millóns de pesetas (o 36,6% do total).

Esta análise do investimento complétase co estudio do investimento territorializado das Administracións Públicas recollido no capítulo 5.- Desenvolvemento rexional. O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado de 1999, acadou unha porcentaxe territorializable do 69,4% do total (3,4 puntos menos que no anterior exercicio), mentres o 22,9% figura dentro da modalidade non territorializado e o 7,7% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos), segundo os Presupostos Xerais do Estado para 1999, un volume de investimento público real territorializable de 60.154,2 millóns de pesetas, un 16,9% máis que no ano anterior, o 5,2% do total do Estado (**cadro 5.4.3. *Investimento público do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. 1999***)

A participación dos distintos axentes das administracións públicas nos gastos correspondentes ó investimento civil (presupostos iniciais de investimento público real territorializado, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos) ó longo do período 1997-2000 reflicte a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 48,1%; as Deputacións, cun 7,1%; os Concellos, cun 21,4%; e o Estado, cun 23,5%.

Consumo

O **cadro 1.2.1.** reflicte que no ano 2000 tres indicadores de consumo privado, ocupación hoteleira, consumo aparente de gasolina e a matriculación de turismos, presentan en Galicia unha taxa de variación interanual negativa. A caída máis acusada é a experimentada pola ocupación hoteleira, que, tralo Xacobeo do ano 1999, descende un 12,8%.

Pola contra, as importacións de bens de consumo medran un 55,2% respecto ó ano anterior, en tanto que o tráfico de pasaxeiros e o con-

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 1998-00

	Bancos	Caixas de aforros
1998 (1)	9,94	8,57
1999 (1)	9,37	8,30
2000		
Maio	9,39	8,48
Xuño	9,37	8,72
Xullo	9,49	8,77
Agosto	9,49	8,87
Setembro	9,55	8,95
Outubro	9,58	9,04
Novembro	9,59	9,05
Decembro	9,59	9,05

(1) dato correspondente ó mes de decembro
Fonte: Banco de España

sumo de enerxía o fan nun 6,8% e un 5,9%, respectivamente.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.2.2.** reflicte o medre experimentado nos tipos de xuro dos créditos ó consumo. No período comprendido entre decembro de 1999 e decembro de 2000, o crecemento no caso dos bancos e das caixas de aforro foi de 0,22 puntos e 0,75 puntos, respectivamente.

O crecemento do VEB tradúcese nun aumento do 8,8% da renda familiar (poder de compra) por habitante en Galicia respecto ó ano anterior, acadando un total de 1.699.635 pesetas no ano 2000. Tal e como reflicte o **cadro C.5.17.** (*Renda familiar bruta dispoñible –poder de compra– nas CC.AA. 1999-00*), no ano 2000 a renda familiar por habitante en Galicia acada o 90,85% do valor medio de España, o que supón un medre de 0,2 puntos en relación ó ano anterior, no que o indicador estaba situado no 90,65% do valor medio español.

É relevante a comparación dos valores da renda e da produción por habitante de Galicia coa media española. A produción por habitante galega representa o 80,71% do valor de España, mentres que a renda por habitante é equivalente ó 90,85%, isto é, existe un diferencial favorable á economía galega de 10,14 puntos.

Atendendo á relación entre o nivel económico –índice da renda familiar dispoñible por habitante– e o número de municipios e a poboación, o **cadro 1.2.3.** reflicte que Galicia se atopa no nivel 5 (renda familiar dispoñible por habitante comprendida entre 1.300.000 e 1.500.000 pesetas). Neste nivel atópanse un total de 97 concellos galegos (o 32,1% do total de municipios con máis de 1.000 habitantes) e 1.360.236 persoas (o 50,3% da poboación galega residentes nos 302 concellos considerados).

Por debaixo deste nivel atópase a provincia de Pontevedra, que pertence ó nivel 4 (entre 1.200.000 e 1.300.000 pesetas), que acolle 43 dos 49 concellos con menor nivel económico (329.056 habitantes). Destes 43 concellos, 2 pertencen ó nivel 2 –entre 1.000 e 1.100 miles de pesetas– (Pazos de Borbén e Valga) e 41 ó nivel 3 (entre 1.000.000 e 1.200.000 pesetas). No polo oposto, os concellos con maior nivel económico están englobados no nivel 6 (entre 1.500.000 e 1.700.000 pesetas), pertencendo 2 á provincia de Ourense (Avión e Beariz) e un á provincia de A Coruña (Oleiros).

En canto ó consumo público, pódense tomar como indicadores do seu comportamento os datos recollidos nos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servizos) dos presupostos de gasto. O **cadro 1.2.4.** reflicte a evolución dos mesmos e o seu nivel no

CADRO 1.2.3.

Nivel económico dos municipios e poboación (1): distribución segundo intervalos de RFBd/hab. (2)

	Nivel económico										Total			
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10				
	0	1.000	1.100	1.200	1.300	1.500	1.700	1.900	2.100	2.250		2.500	o máis	
					Intervalos de RFBd/hab. (en miles de pesetas)									
					1.000	1.300	1.500	1.700	1.900	2.100	2.250	2.500	o máis	
A Coruña														94
municipios					48	45	1							1.108.980
habitantes				246.763	837.051	25.166								64
Lugo														64
municipios			6	40	18									364.810
habitantes			10.575	136.323	217.912									83
Ourense														324.745
municipios				48	33	2								61
habitantes				88.978	231.134	4.633								908.169
Pontevedra														302
municipios		2	41	17	1									2.706.704
habitantes		9.490	319.566	504.974	74.139									
Galicia														
municipios		2	47	153	97	3								
habitantes		9.490	330.141	977.038	1.360.236	29.799								
Total España														
municipios	27	363	533	489	673	526	326	183	35	17				
habitantes	175.801	1.605.997	3.649.318	5.389.443	7.706.649	7.291.654	5.056.125	6.654.547	750.729	331.045				38.611.308

(1) recolle os municipios con máis de 1.000 habitantes segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2000

(2) renda familiar disponible/habitante

Fonte: La Caixa, Anuario Económico de España 2001

CADRO 1.2.4.

Consumo público 1999-00: distribución segundo administracións

	1999		2000		00/99	
	Xunta (1)	Deputacións	Xunta (1)	Deputacións	Xunta	Deputacións
	(en millóns de pesetas)				%	
Gastos de persoal	331.486	12.080,33	349.086	13.086,90	5,3	8,3
Gastos en bens correntes e servizos	121.161	8.848,72	129.161	10.029,36	6,6	13,3

(1) datos a partir dos presupostos consolidados

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Xunta de Galicia

CADRO 1.2.5.

Indicadores do investimento en Galicia e España 1999-00 taxas de variación interanuais

	Galicia		España	
	1999	2000	1999	2000
Consumo de cemento	2,1	7,9	11,7	11,0
Licitación oficial de tódalas AA.PP.	18,0	-23,1	1,6	24,1
Licitación oficial da Admon. autonom.	-30,0	6,6	-6,7	11,2
Importacións de bens de equipo	7,4	27,5	25,9	14,4
Matriculación de vehículos de carga	22,7	-12,6	18,9	-3,7

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INE, IGE, ICEX, Oficemen e Seopan

ano 2000, amosando que os gastos do capítulo II aumentaron un 6,6% na Xunta e un 13,3% nas Deputacións, en tanto que os gastos de persoal aumentaron un 5,3% na Xunta de Galicia e un 8,3% nas Deputacións.

Investimento

Á hora de analiza-la evolución do investimento, cómpre considera-lo comportamento de diferentes indicadores. Por unha banda, ó contrario do acontecido no ano 1999, o **cadro 1.2.5.** reflicte o descenso da licitación pública oficial de tódalas administracións públicas, aínda que a licitación oficial da administración autonómica medrou un 6,6% no ano 2000.

A matriculación de vehículos de carga (camións e furgonetas), despois do importante crecemento de 1999, descende un 12,6% en 2000 respecto ó ano anterior.

O resto dos indicadores amosan un bo comportamento do investimento privado, ó acelerarse as taxas de crecemento do consumo de cemento e da importación de bens de equipamento, que medran un 7,9% e un 27,5%, respectivamente, respecto ó ano 1999.

Outra variable que permite comprende-la evolución do investimento é o comportamento dos tipos medios dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. O **cadro 1.2.6.** reflicte cómo para o conxunto de entidades, fronte ó descenso experimentado en 1999, o tipo medio dos préstamos medrou, no período comprendido entre os meses de decembro de 1999 e 2000, máis de 1,4 puntos.

Motivada en parte pola redución dos tipos de xuro en 1999, conséntase unha redución da carga financeira/ingresos e do coeficiente de endebedamento, tal e como reflicten os **cadros C.3.6.** (*Empresa galega 1998-99: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*) e **C.3.8.** (*Empresa galega 1998-99: rendibilidade e magnitudes asociadas*).

• Investimento estranxeiro

O fluxo de investimento estranxeiro en sociedades galegas non cotizadas acadou no ano 2000 un valor de 5.917,7 millóns de pesetas (o 0,1% do total estatal), o que significa que se produciu un descenso do 68,5% respecto o ano anterior. Comparado co resto das comunidades

Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos 1998-00

	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
1998	5,052	5,265	5,150
1999	4,876	5,016	4,940
2000			
Xaneiro	4,997	5,087	5,040
Febreiro	5,118	5,217	5,166
Marzo	5,173	5,296	5,231
Abril	5,320	5,391	5,353
Maio	5,490	5,557	5,522
Xuño	5,653	5,753	5,703
Xullo	5,883	5,899	5,891
Agosto	5,977	6,080	6,029
Setembro	6,238	6,227	6,232
Outubro	6,163	6,402	6,284
Novembro	6,224	6,471	6,348
Decembro	6,260	6,485	6,371

Fonte: Banco de España

autónomas, Galicia non só é unha das comunidades con menor volume de investimento estranxeiro (tan só supera a Asturias, Cantabria, Extremadura, Murcia e A Ríoxa), senón que tamén é a comunidade que experimenta o maior descenso de capital estranxeiro en termos relativos (**cadro C.1.4. *Investimento estranxeiro directo en empresas non cotizadas nas CC.AA. 1999-00***).

Unha análise xeográfica deste fluxo de investimento reflicte, **cadro 1.2.7.**, que no ano 2000 o 59,9% do investimento estranxeiro directo en empresas galegas non cotizadas procede da UE (3.546,6 millóns de pesetas), onde salienta, por riba dos demais países, o investimento dos Países Baixos, que ascende a 3.058,9 millóns de pesetas (o 86,2% do total investido pola UE). Asemade, salienta o investimento procedente da área centroamericana e Caribe (1.200,4 millóns de pesetas) e, especialmente, do investimento da República Dominicana, que ascende a 899,9 millóns de pesetas.

Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso do investimento estranxeiro procedente dos distintos países da UE e o forte aumento do investimento da área centroamericana e do Caribe, que aumenta un 153,9% respecto o ano anterior.

Atendendo á distribución dos investimentos estranxeiros por ramas de actividade, apré-

ciase unha concentración no sector primario e na rama da hostalería, que acollen o 36,6% e o 19,2% do total investido nas empresas galegas, respectivamente. Atendendo á súa importancia relativa no total estatal, o **cadro 1.2.8.** amosa que o investimento directo estranxeiro no sector primario galego representa o 20,7% do total investido neste sector en España, e no caso da hostalería, este peso relativo ascende ó 4%.

Fondos da Unión Europea

No proceso de integración económica no que está inmersa Europa, os distintos países parten de situacións desiguais. Para paliar esas diferenzas existen na UE unha serie de fondos e iniciativas comunitarias destinadas a lograr unha maior converxencia real entre as diferentes rexións.

Tal e como reflicte o **cadro 5.4.2. (*Situación financeira dos instrumentos de Política Rexional da UE 1999*)**, o instrumento de política rexional máis importante é o FEDER, xa que os pagamentos a favor da comunidade autónoma de Galicia (Obxectivo I) ascenderon a 78.714 millóns de pesetas, segundo os datos da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Facenda.

A contribución financeira do FEOGA-Orientación, no sector agrario, en 1999, por aplicación dos recursos a 31/12/1999, segundo a ofi-

CADRO 1.2.7.

Investimento estranxeiro directo en empresas non cotizadas en Galicia e España 1999-00: distribución segundo países de orixe

	1999		Galicia		00/99		España		2000		00/99	
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	(%/total)	(en millóns de pesetas)	(%/total)	(en millóns de pesetas)	(%/total)	(en millóns de pesetas)	(%/total)	(en millóns de pesetas)	(%/total)
Países OCDE												
Países UE												
Francia	16.842,7	89,5	3.546,6	59,9	-78,9	2.848.117,6	57,6	6.031.681,1	55,7	111,8		
Bélgica	1.247,5	6,6	33,4	0,6	-97,3	280.460,9	5,7	567.304,4	5,2	102,3		
Países Baixos	-	-	16,6	0,3	-	29.997,3	0,6	21.488,5	0,2	-28,4		
Alemania	9.273,6	49,3	3.058,9	51,7	-67,0	1.283.875,8	26,0	1.461.549,4	13,5	13,8		
Italia	381,4	2,0	-	-	-	213.925,1	4,3	242.703,2	2,2	13,5		
Reino Unido	14,2	0,1	-	-	-	89.758,5	1,8	83.875,9	0,8	-6,6		
Irlanda	3.537,4	18,8	406,3	6,9	-88,5	479.712,6	9,7	2.687.030,7	24,8	460,1		
Dinamarca	37,6	0,2	-	-	-	6.479,0	0,1	2.269,5	0,0	-65,0		
Portugal	10,0	0,1	-	-	-	22.340,9	0,5	36.071,5	0,3	61,5		
Suecia	1.941,1	10,3	31,4	0,5	-98,4	61.968,7	1,3	570.927,6	5,3	821,3		
Luxemburgo	400,0	2,1	-	-	-	27.110,5	0,5	66.948,4	0,6	146,9		
Grecia	-	-	-	-	-	329.728,6	6,7	283.433,1	2,6	-14,0		
Finlandia	-	-	-	-	-	666,1	0,0	366,4	0,0	-45,0		
Austria	-	-	-	-	-	2.864,7	0,1	5.460,5	0,1	90,6		
	-	-	-	-	-	19.229,0	0,4	2.251,3	0,0	-88,3		
Resto países OCDE												
Islandia	-	-	0,3	0,0	-	943,5	0,0	4.162,6	0,0	341,2		
Noruega	-	-	-	-	-	2.951,5	0,1	840,2	0,0	-71,5		
Suíza	116,5	0,6	343,3	5,8	194,8	124.762,1	2,5	140.653,6	1,3	12,7		
Turquía	-	-	-	-	-	32,8	0,0	243,7	0,0	642,9		
Estados Unidos	687,9	3,7	15,5	0,3	-97,8	1.843.566,5	37,3	4.522.791,5	41,8	145,3		
Puerto Rico	-	-	-	-	-	-	-	501,1	0,0	-		
Canadá	-	-	-	-	-	-	-	1.578,9	0,0	-67,1		
Xapón	-	-	-	-	-	4.797,2	0,1	3.971,7	0,0	-82,3		
Australia	-	-	-	-	-	22.496,4	0,5	97,2	0,0	-98,8		
Nueva Zelandia	-	-	-	-	-	8.413,9	0,2	97,2	0,0	-98,8		
	-	-	-	-	-	20,2	0,0	0,5	0,0	-97,5		
Outros países europeos	-	-	0,8	0,0	-	2.987,7	0,1	1.203,5	0,0	-59,7		
Países fiscales												
Países africanos	291,7	1,6	334,9	5,7	14,8	39.670,6	0,8	57.935,0	0,5	46,0		
Centroamérica e Caribe	3,0	0,0	-	-	-	1.128,4	0,0	5.058,7	0,0	348,3		
Sudamérica	472,8	2,5	1.200,4	20,3	153,9	22.163,8	0,4	18.692,5	0,2	-15,7		
Países asiáticos (excepto Xapón)	397,1	2,1	475,8	8,0	19,8	14.878,1	0,3	33.345,1	0,3	124,1		
Resto de países	-	-	-	-	-	8.872,1	0,2	7.570,1	0,1	-14,7		
	-	-	-	-	-	281,2	0,0	594,4	0,0	111,4		
Total	18.811,7	100	5.917,7	100	-68,5	4.946.083,7	100	10.830.921,4	100	119,0		

Fonte: Dirección General de Política Comercial e Inversións Exteriores, Ministerio de Economía y Hacienda

CADRO 1.2.8.

Investimentos estranxeiro directos en empresas en Galicia e España 1999-00: distribución sectorial

	Galicia		España		G/E	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000
	(en millóns de pesetas)	(en millóns de pesetas)	(en millóns de pesetas)	(en millóns de pesetas)	(%) / total	(%) / total
Agricultura, gandería, pesca	199,7	2.166,3	8.598,5	10.455,7	0,2	0,1
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	298,0	431,3	101.663,8	8.690,7	2,3	0,1
Ind. extract., ref. petróleo	190,5	2,0	17.947,9	4.717,7	0,4	0,0
Alimentación, bebidas e tabaco	94,3	72,4	163.569,6	296.478,3	3,7	2,7
Ind. téxtil e confección	62,6	-	4.028,4	38.044,2	0,1	0,4
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	101.384,0	110.197,6	2,3	1,0
Ind. química	9.545,1	52,0	295.036,6	175.021,1	6,6	1,6
Outras manufacturas	1.306,4	7,1	394.733,9	434.208,6	8,8	4,0
Construcción	111,5	0,6	92.724,7	18.850,8	2,1	0,2
Comercio	1.082,7	5,9	164.902,9	382.344,1	3,7	3,5
Hostelería	70,8	0,4	40.508,2	28.295,5	0,9	0,3
Transporte e comunicacións	29,0	0,2	188.825,5	2.562.454,9	4,2	23,7
Intermediación financeira, banca e seguro	-	45,1	432.125,2	550.852,5	9,7	5,1
Actividades inmobiliarias e servizos	1.863,6	601,2	446.390,7	556.213,8	10,0	5,1
Xestión de sociedades e tenencia valores	3.500,0	-	1.964.013,2	5.544.925,8	43,9	51,2
Outros	-	56,3	58.680,8	109.170,1	1,3	1,0
Total	18.354,1	5.917,7	4.475.133,8	10.830.921,26	100	100
					0,4	0,1

(1) 2000: xaneiro-dembro

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

cina orzamentaria do MAPA, elevouse a 17.014 millóns de pesetas: 5.300 millóns de pesetas de axudas directas; 10.438 millóns de pesetas en axudas indirectas; e 1.276 millóns de pesetas de iniciativas e do programa Proder.

A contribución financeira do IFOP no sector pesqueiro en 1999, por aplicación dos recursos a 31/12/99, ascendeu a 26.118 millóns de pesetas (9.104 millóns de pesetas por axudas directas), o que supuxo o 18,2% do total aplicado polas comunidades autónomas e o 11,5% do total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

As axudas do Fondo Social Europeo (FSE) en 1999 ascenderon a 20.567 millóns de pesetas e o número de persoas beneficiarias foi de 121.909. No reparto deses fondos, ó marco plurirrexional correspondéronlle 11.017 millóns de pesetas e á Comunidade Autónoma, 9.550 millóns de pesetas, o que supuxo o 7,8% do total das zonas obxectivo I e o 5,5% do total dos fondos.

Os pagos do Fondo de Cohesión recibidos pola C.A. de Galicia en 1999 ascenderon a 9.777 millóns de pesetas. A Administración estatal obtivo 741 millóns de pesetas; a Administración autonómica, 2.938 millóns de pesetas; e as empresas públicas, 6.098 millóns de pesetas, o que supuxo o 5,2% do total dos pagos recibidos durante ese ano. ■

